

CIRCULAR 55/2016 (Inclúe novo horario, modificadas as mínimas a 4/07/2016)

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os adestradores, clubs e atletas

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

LXXXIII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO MASCULINO, **XLVIII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO FEMENINO E** **CAMPIONATO DE GALICIA DE RELEVOS**

Pistas Josefina Salgado, Pereiro de Aguiar (Ourense), 16 de Xullo do 2016

Art.1) O día 16 de xullo celebrarase o LXXXIII Campionato de Galicia Absoluto Masculino, XLVIII Campionato de Galicia Absoluto Feminino, e o Campionato de Galicia de Relevos por clubs nas Pistas Josefina Salgado de Pereiro de Aguiar (Ourense). O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Ourense.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas, cas marcas mínimas acreditadas, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galegos*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 12 de xullo do 2016.** Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións e o número de dorsal oficial da presente tempada.

Limitacións de probas na categoría xuvenil: Só poderán inscribirse nun máximo de dúas probas (sin incluír o relevo). En caso de participar en dúas carreiras só poderá realizarse unha de mais de 200m.

Limitacións de probas na categoría cadete. Só poderán inscribirse nun máximo de dúas probas (sin incluír o relevo) do seu programa.

Art.4) Deberán comunicarse as baixas ata 45 minutos antes do inicio da proba.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, así como os catro membros dos tres primeiros equipos de relevos, sendo obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal personalizado outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, agás a pértiga, en toda a súa superficie. O



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Nas probas de 800, 1500, 5000 e marcha será obrigatorio levar dous dorsais, un por diante e outro por detrás. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7) O longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que habéndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na seguinte ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida. Agás casos autorizados directamente polo comité técnico.

Art.8) Se nalgunha das probas nas que está previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar o número mínimo preciso para a súa realización, adiantarase a final disputándose esta no horario das semifinais.

Art.9) En tódalas carreiras, a confección de series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada ou, no seu defecto, en relación á tempada anterior. Antes da saída, o Xuiz da proba comunicará ós participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda caso de que á houbera.

Art. 10) Horario (provisional. O definitivo publicarase coas inscricións)

MODIFICACIÓN HORARIO LXXXIII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO MASCULINO, XLVIII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO FEMENINO E CAMPIONATO DE GALICIA DE RELEVOS

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

XORNADA DE MAÑAN						
5000 Marcha	HOMES	FINAL	10.30	Martelo 7,260 Kg	HOMES	FINAL
5000 Marcha	MULLERES	FINAL	11.00	Pértega	HOMES	FINAL
400 valados	HOMES	FINAIS	11.30			
400 valados	MULLERES	FINAIS	11:50	Martelo 4 Kg	MULLERES	FINAL
100	HOMES	SEMIFINAL	12.10			
100	MULLERES	SEMIFINAL	12.25	Altura	HOMES	FINAL
				Lonxitude	MULLERES	FINAL
3.000 Obstáculos	HOMES	FINAL	12.40			
3.000 Obstáculos	MUJERES	FINAL	12.55			
			13.10	Disco 1 kg	MULLERES	FINAL
				Peso	HOMES	FINAL
4x100	HOMES	FINAL	13.15			
4x100	MULLERES	FINAL	13.25			
XORNADA DE TARDE						



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



			17.45	Disco 2 Kg	HOMES	FINAL
				Triple	MULLERES	FINAL
110 valados	HOMES	FINAIS	18.00	Pértega	MULLERES	FINAL
				Altura	MULLERES	FINAL
100 valados	MULLERES	FINAIS	18.15			
800	HOMES	FINAL	18.30			
800	MULLERES	FINAL	18.40			
100	HOMES	FINAL	18.55			
100	MULLERES	FINAL	19.05			
400	HOMES	FINAIS	19.15	Triple	HOMES	FINAL
				Xavalina 600 gr	MULLERES	FINAL
400	MULLERES	FINAIS	19.30			
1.500	HOMES	FINAL	19.45			
1.500	MULLERES	FINAL	19.55			
5.000	HOMES	FINAL	20.05			
5.000	MULLERES	FINAL	20.25			
			20.45	Xavalina 800 gr	HOMES	FINAL
				Lonxitude	HOMES	FINAL
				Peso	MULLERES	FINAL
200	HOMES	FINAIS	20.50			
200	MULLERES	FINAIS	21.05			
4x400	HOMES	FINAL	21.15			
4x400	MULLERES	FINAL	21.25			

<u>HORARIO LÍMITE SAÍDA PISTA (deberán presentar DNI ou calquer documento con foto)</u>	<u>HORARIO LÍMITE DE PRESENTACIÓN DE ARTEFACTOS</u>
Carreiras 10 m. antes hora oficial da proba Carreiras valadas 15 m. “ Concursos(agás pértega) 30 m. “ Pértega 45 m. “	- Martelo homes ata às 10:00 - Martelo mulleres e Disco mulleres ata às 11:00 - Disco homes ata às 17:15 - Xavalinas ata às 17:45

Art.11) Marcas Mínimas de aire libre acadadas durante o periodo comprendido entre o 1 de novembro do 2015 e o 10 de xullo do 2016. O comité técnico da FGA resérvase o dereito de aceptar a participación de acreditados atletas que por mor de lesións non acadaron as marcas mínimas esixidas.

	HOMES	MULLERES
100 m.	11.64	13.54
200 m.	23.74	28.64
400 m.	52.04	65.14
800 m.	1.58.00	2.26.00



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



1.500 m.	4.05.00	4.58.00
110 v./ 100 v.	17.50	18.00
400mv	1.02.00	1.12.00
3.000 m. Obs.	10.15.00	(1)
5.000	SM (2)	SM (2)
10/5 Marcha	54.00/25.30	28.45
Lonxitude	6.40	5.00
Triple Salto	12.60	10.10
Altura	1.75	1.50
Pértiga	3.60	2.70
Peso	12.00	10.50
Disco	37.00	30.00
Xavalina	53.00	34.00
Martelo	45.00	30.00

- No caso de non haber suficientes atletas con marca mínima nunha determinada proba, admitiranse marcas ata completar ruas ou as 12 mellores marcas dos atletas inscritos no resto de probas.
- (1) Sen marca mínima. Participarán as 16 mellores marcas acreditadas. Non se aceptará a inscrición de ningún atleta sen marca acreditada nalgunha distancia oficial en pista na tempada actual
- (2) Sen marca mínima. A condición esixida será a de figurar entre as 16 mellores marcas de inscrición en 5000 ou 3000 en pista. Non se aceptará a inscrición de ningún atleta sen marca acreditada nalgunha distancia oficial en pista na tempada actual

Art.12) A distancia das táboas e as cadencias das alturas publicaranse xunto coas inscrición.

Art. 13) Esta competición outorgará premios económicos a través do Sistema de Axudas a Atletas Galegos de Alto Nivel 2016. Entregaránse as cuantías especificadas no seguinte cadro ás mellores marcas póla Táboa IAAF.

	HOMES	MULLERES
CARRERAS VELOCIDADE e VALADOS (100, 200, 400, 100, 110 e 400m valados)	300€	300€
CARRERAS MEDIO FONDO, FONDO E MARCHA (800, 1500, obstáculos, 5000, 5000 marcha)	300€	300€
SALTOS	300€	300€
LANZAMENTOS	300€	300€

Ademais entregaránse 100€ o/a campeón/a galego/a de cada proba. Os premios son acumulativos. **Para poder optar ao premio dos 100 euros e ao premio dos 300 euros o atleta debe ter licenza galega e cumprir os requisitos aprobados póla Asemblea Xeral para ser Campión de Galicia. Polo que aqueles atletas**



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



extranxeiros que teñan licencia galega e que non estén nacionalizados en España non poderán acceder aos prêmios.

Art.14) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexa inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.
- Tódalas incidencias referentes a inscricións (inclusive o día da proba) será competencia da FGA.

Art.15) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas, por esta orden da, FGA, da RFEA e da I.A.A.F.

Na Coruña, **14** de Xuño do 2016

Asdo.Victor Arufe Giráldez
Secretario Xeral FGA